


Programa

Actividades Municipais

2017/2018



Concello de Mesía

ESCOLA DE MÚSICA E BAILE GALEGO

Este curso o Concello de Mesía dará continuidade ao traballo desenvolvido desde a Asociación Escola de Música e Baile Tradicional, propoñendo as seguintes actividades e horarios que se realizarán no local do antigo colexio de Lanzá.

PANDEIRETA

Idade:	A partir de 6 anos.
Frecuencia:	Venres a partir das 17:00 h (faranse grupos).
Características:	Iniciación e perfeccionamento do instrumento de pandeireta. Participación en actuacións, sempre que o/a alumno/a queira.
Prezo:	10 euros/mes (baile + pandeireta 15 euros).

GAITA

Idade:	A partir de 6 anos.
Frecuencia:	Sábados a partir das 10:30 h.
Características:	Iniciación e perfeccionamento de gaita e percusión.
Prezo:	15 euros/mes.

BAILE

Idade:	A partir de 6 anos.
Frecuencia:	venres a partir das 17:00 h.
Características:	Iniciación ao baile galego .
Prezo:	10 euros/mes (baile + pandeireta 15euros).

Aviso: Esta actividade poderá sufrir cambios en función do número de xente que haxa; os días estarán entre o venres e o sábado pola mañá para tódalas actividades.

Para que todo o mundo poida probar haberá clases **gratuítas dende o 29 de setembro ao 13 de outubro**. O mes de outubro solo se ingresará a metade. O **13 de outubro** será a data límite para formalizar a matrícula. O día 20 todos empezarán definitivamente no horario e grupo que lles corresponda.

ACTIVIDADES PARA NEN@S

Horarios Escolas Municipais 2017 - 2018

	LUNS	MARTES	MÉRC.	XOVES	VENRES
14:00	XOGOS PSICOM.*	AEROBIC I *	PEQUEBAILE*	AEROBIC II*	
15:00	AEROBIC ESO*				
16:00		APRENDEMOS A PATINAR ----- INGLÉS I	PATINAXE E MULTIDEP. ----- DEBUXO	APRENDEMOS A PATINAR ----- INGLÉS I	
17:00		PATINAXE ----- INGLÉS II	(16:00 – 17:30) PATINAXE E MULTIDEP.	PATINAXE ----- INGLÉS II	
18:15	XOGOS PSICOMO. E PEQUEBAILE VISANTOÑA				

*As actividades que se realizan durante o recreo do colexio poden sufrir modificacións xa que os horarios do centro aínda non están confirmados.

ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

Instalación: Pavillón do CPI Xanceda

XOGOS PSICOMOTORES

Idade:	De 3 a 5 anos. E.I.
Frecuencia:	Luns de 14:10 - 15:00 h. (No recreo).
Características:	Xogos de habilidades motrices básicas para adquirir coordinación motriz con equilibrio, saltos, lanzamentos, xiros, golpesos ...
Prezo:	25 euros.

PEQUEBAILE

Idade:	De 3 a 6 anos.
Frecuencia:	Mércores de 14:10 - 15:00 h. (No recreo).
Características:	Para que collan o ritmo, xoguen coa música, se divirtan aprendendo coordinación, bailen cos/coas compañeiros/as, ...
Prezo:	25 euros.

XOGOS PSICOMOTORES E PEQUEBAILE EN VISANTOÑA

Lugar:	Pavillón polideportivo de Visantoña.
Idade:	De 3 a 6 anos.
Frecuencia:	Luns de 18:15 a 19:15 h.
Características:	Combinación das actividades citadas de aprendizaxe motriz e de ritmo infantil.
Prezo:	25 euros.

APRENDEMOS A PATINAR

Idade:	A partir de 4 anos.
Frecuencia:	Martes e xoves de 16:00 - 17:00 h.
Características:	Aprender a patinar mediante xogos, ritmo, cooperación, imitación, creatividade, etc.
Material:	Patíns de bota con 4 rodas (non en liña), 2 tallas máis grande da súa habitual.
Prezo:	45 euros.

PATINAXE ARTÍSTICO

Idade:	A partir de 7 anos.
Frecuencia:	Martes e xoves de 17:00 - 18:00 h.
Características:	Aprendizaxe de figuras acrobáticas, sláloms e actividades que requiran precisión, soltura e rapidez de movementos con patíns.
Material:	Patíns de bota con 4 rodas (non en liña), 2 tallas máis grande da súa habitual.
Prezo:	45 euros.

PATINAXE E MULTIDEPORTE

Idade:	A partir de 6 anos.
Frecuencia:	Mércores de 16:00 - 17:30 h.
Características:	Patinaxe artístico e iniciación divertida a varios deportes: baloncesto, bádminton, voleibol, rugby, balonmán, hockey, atletismo, ximnasia deportiva...
Prezo:	35 euros.

AEROBIC I e II

Idade:	De 6 a 12 anos.
Frecuencia:	Martes de 14:00 a 15:00 h. 1º e 4º E.P. Xoves de 14:15 a 15:00 h. 5º e 6º E.P.
Características:	Bailes e exercicios físicos combinados coa música. Farase un baile de exhibición ao remate do curso.
Prezo:	25 euros.

AEROBIC ESO

Idade:	De 13 a 16 anos.
Frecuencia:	Luns de 15:00 a 16:00 h. 1º a 4º ESO. *Poden facerse dous grupos.
Características:	Bailes dirixidos con cancións actuais. Coreografías combinadas coa música. Faranse coreografías para exhibicións de baile.
Prezo:	25 euros.

XIMNASIA RITMICA

Idade:	A partir de 5 anos.
Frecuencia:	Os sábados a partir das 11:00 h. (faranse grupos segundo o número de xente anotada).
Características:	Iniciación a ximnasia rítmica, grupos reducidos.
Lugar:	Por determinar.
Prezo:	12 euros ao mes. Non incluída nos descontos.

ACTIVIDADES CULTURAIS

ACTIVIDADE PARA NENOS DE 0 A 3 ANOS

A Asociación Socio-Educativa Antonio Gandoy será a encargada de desenvolver as clases de Prescolar para nenos de 0 a 3 anos non escolarizados.

Esta asociación realizará unha reunión para todos/as os interesados o vindeiro **20 de setembro ás 11:00 h. na Casa da Cultura**. Na reunión informarásenos dos horarios, prezo, lugar, inscricións, etc.

APRENDER INGLÉS

Idade:	De 6 a 18 anos.
Frecuencia:	Martes e xoves.
Grupos:	Farase unha proba de nivel o 1º día para distribuír os grupos. Grupos de mínimo 8 nenos/as.
Lugar:	CPI de Xanceda.
Características:	Curso orientado a adquirir un dominio práctico e útil do inglés. Traballarase principalmente a oralidade. Este curso vai máis alá de ser un reforzo escolar, pois ten como obxectivo que os rapaces/as saiban defenderse en inglés nunha situación calquera da vida real.
Prezo:	35 € mensuais. Descontos: dous ou máis irmáns matriculados e empadroados pagarán 30 € mensuais por cada un/unha. Esta actividade non contará para os descontos habituais.

DEBUXO

Idade:	De 7 anos en adiante.
Frecuencia:	Mércores de 16:00 a 17:00 h.
Lugar:	CPI de Xanceda.
Características:	Neste obradoiro os/as rapaces/as verán conceptos como a composición, perspectiva, proporcións,... ao mesmo tempo que se introducen nas técnicas de debuxo de carbón, tinta, lapis, rotulador, pastel, ... Ademais disto será unha gran oportunidade para estimular a expresividade, creatividade e a análise crítica.
Prezo:	10 Euros/mes. Mínimo de 8 rapaces/as por grupo.

INFORMÁTICA BÁSICA PARA RAPACES/AS

Idade:	A partir de 8 anos.
Frecuencia:	Luns de 16:45 a 18:00 h. (Ed. primaria) e de 18:15 - 19.35 h. (Ed. Secundaria).
Lugar:	Casa da Cultura ou parroquia onde haxa grupo.
Características:	Nesta actividade os rapaces e rapazas poderán adquirir as nocións básicas de informática.
Prezo:	20 € mensuais.

REDE MESÍA XOVE

"INGLÉS- PREPARATORIO B1"

Idade:	De 14 a 30 anos.
Data:	Sábados de 11:00 - 12.00 h.
Lugar:	Casa da Cultura
Características:	Curso orientado a adquirir os coñecementos necesarios para presentarse aos exames de nivel B1 de inglés. Ao comezo do curso realizarase unha proba de nivel co fin de valorar a base de inglés coa que conta cada persoa.
Prezo:	35 €/mes
Inscripcións:	Anotarse na Casa da Cultura.

ACTIVIDADES PARA PERSOAS ADULTAS

ACTIVIDADES FÍSICAS

Horarios Actividades Físicas Municipais 2017 - 2018			
	Martes	Mércores	Xoves
19:20	PILATES II Visantofña		
20:30	PILATES I Xanceda		PILATES III Lanzá
21:45	XIMNASIA MANTEMENTO	21:30 AEROBIC - ZUMBA	XIMNASIA MANTEMENTO

AEROBIC - ZUMBA

- Idade:** A partir de 15 anos (con autorización por idade)
- Frecuencia:** Mércores de 21:30 - 22:30 h.
- Lugar:** Pavillón de Xanceda
- Observacións:** Prazas limitadas (35 persoas) e lista de espera. Aquela persoa que falte varias veces sen xustificar será substituída por unha persoa da lista de espera.
- Características:** Exercicios físicos combinados con música.
- Prezo:** 35 euros.

PILATES

- Idade:** A partir de 15 anos (con autorización por idade)
- Frecuencia:** Unha sesión por grupo:
PILATES I: Casa da Cultura, martes 20:30 - 21:30 h.
PILATES II: Visantofña, martes 19:20 - 20:20 h.
PILATES III: Local social Lanzá, xoves 20:30-21:30 h.
- Observacións:** **Prazas limitadas** (mín. 10 e máx. 15 persoas por grupo).
- Características:** Actividades de tensión e estiramientos para aumentar o control, a forza e a flexibilidade do corpo respectando as articulacións e as costas.
- Prezo:** 45 euros.

XIMNASIA DE MANTEMENTO

- Idade:** A partir de 15 anos (con autorización @s menores)
- Frecuencia:** UN grupo 2 DIAS no Pavillón de Xanceda.
HORARIOS: Martes e xoves de 21:45 - 22:45 h.
- Características:** Exercicios físicos, xogos e deportes co fin de gañar resistencia cardiopulmonar, forza muscular, flexibilidade articular, etc.
- Observacións:** Mínimo de 15 persoas anotadas. Se non se mantén a asistencia mínima, o Concello poderá modificar os horarios.
- Prezo:** 45 euros.

XIMNASIA TERAPÉUTICA

- Destinatarios/as:** Persoas con mobilidade reducida ou mínima por mor dunha discapacidade recoñecida polo SERGAS.
- Frecuencia:** Xoves de 12:00 - 13:00 h.
- Lugar:** Casa da Cultura.
- Características:** Buscarase redescubrir o corpo tentando mellorar a saúde física e mental mediante o traballo do equilibrio, da postura, do ton muscular, da coordinación, da lateralidade, da comunicación, da atención, da memoria, do ritmo, da conciencia corporal, etc.
- Nota:** Anotarse na Casa da Cultura (traer un informe médico aquelas persoas que non asistiran anteriormente á actividade).
- Prezo:** 25 euros.

TENIS

- Idade:** A partir de 15 anos (con autorización por idade).
- Frecuencia:** Horario a convir polo grupo.
- Lugar:** Pavillón de Olas.
- Observacións:** Prazas limitadas (mínimo 6 e máximo 10 persoas). Aquela persoa que falte varias veces sen xustificar será substituída por unha persoa da lista de espera.
- Características:** Nivel iniciación/medio. Partidos.
- Prezo:** Dependendo dos horarios.

ACTIVIDADES CULTURAIS

COAS TÚAS MANS

Idade:	A partir de 17 anos.
Lugar:	Casa da Cultura - Xanceda
Prezo:	40 €/trimestre (Material non incluído).
Características:	Continuaremos con esta proposta na que cada trimestre poderedes participar nun obradoiro diferente. Cada un dos obradoiros serán independentes, polo que podedes anotarvos a un, dous ou aos tres obradoiros. Este curso iniciarase coa Cestería de Lámina de Castaño que será os martes 10 e 24 de outubro e 7 e 21 de novembro de 16:00 a 19:00h. Os seguintes obradoiros serán comunicados nos próximos boletíns de actividades. Grupos de 12 persoas, pero será necesario un mínimo de persoas. Nesta actividade non se aplicarán descontos.
Material:	Os participantes necesitan traer unha tesoira de podar . O resto do material será facilitado pola monitora para aquelas persoas que así o soliciten (material non incluído no prezo).

INFORMÁTICA BÁSICA

Idade:	A partir de 17 anos.
Frecuencia:	Martes de 21:00 a 22:30 h.
Observacións:	Dous meses de duración. Comezarase unha vez se xunte un mínimo de 10 persoas. Avisarase á xente anotada.
Prezo:	40 euros.
Características:	Ensinaranse nocións moi básicas de ordenador: Acceso e busca en Internet, crear unha conta de correo electrónico e saber usala, aprender a descargar fotos dun dispositivo móbil, etc.

ACTIVIDADES PARA PERSOAS MAIORES

ACTIVIDADES FÍSICAS

	Luns	Martes	Mércores	Xoves
10:00	XANCEDA	MESIA	XANCEDA	MESÍA
11:00	CUMBRAOS	VISANTOÑA	CUMBRAOS	VISANTOÑA
12:00	BOADO	ALBIXOI*	ALBIXOI	XIMN. TERAPÉUTICA
16:30	CACHIBOL (De 16:30 a			
18:00	18:00)		OLAS*	

CACHIBOL. O DEPORTE PARA TODOS

Frecuencia Luns de 16:30 a 18:00 h.

Lugar: Pavillón de Olas.

Características: Mellora a saúde, axuda a pasar o tempo, socializa, pon en forma e mantén a quen o practica eternamente mozo/a. Xogarase con pelotas brandas, daremos pases por enriba dunha rede cara ao outro equipo, aplaudiremos ao rival...

Válido para todas as idades.

Prezo: 35 euros.

XIMNASIA DE MANTEMENTO

Idade: + de 60 anos (ou menos en función da condición física ou doenza).

Horarios e Lugares: **Luns e mércores**

Casa da Cultura (Xanceda) 10:00 - 10:50 h.

Local Social de Cumbraos 11:00 - 11:50 h.

* Local Soc. Boado (lunes) 12:00 - 12:50 h.

* Pavillón de Olas (mércores) 18:00 - 19:00 h.

*Local Social de Albixoi (mércores)
12:00 - 12:50 h.

Martes

Local Social de Mesía 10:00 - 10:50 h.

* Local Social de Visantoña 11:00 - 11:50 h.

*Local Social de Albixoi 12:10 - 13:00 h.

Xoves

Local Social de Mesía 10:00 - 10:50 h.

Local Social de Visantoña 11:00 - 11:50 h.

NOTA: 12 participantes mínimo por parroquia, así que... ANIMÁDEVOS!!

*Horario probable, se non quedaría coma o ano pasado.

Características: Actividades físicas para mellorar a saúde mobilizando o corpo con exercicios adaptados á idade ou doenza dos maiores.

Deporte é saúde!! Consultade co médico se podedes realizar esta actividade.

IMPORTANTE solicitar un informe médico das doenzas para adaptar os exercicios a estas.

Prezo: 45 euros.

XI PROGRAMA TEMPO FÓRA PARA MAIORES

Este programa inclúe distintas actividades, que están enfocadas a manter activa a mente. Ademais de realizar exercicios enfocados a traballar a atención, concentración, asociación, ... tamén se combinarán con actividades lúdicas e amenas. Poden participar nesta actividade todas as persoas maiores do noso concello que teñan ganas de pasar un anaco agradable entre veciños/as.

Lugares e horario de "Tempo Fóra":

Boado: luns de 11:00 a 12:00 h.	Cabruí: mércores de 17:00 a 18:00 h.
Albixoi: martes de 11:00 a 12:00 h.	Castro: xoves de 11:00 a 12:00 h.
Cumbraos: martes de 15:30 a 17:00 h.	Visantoña: xoves de 15:30 a 16:30 h.
Lanzá : martes de 17:00 a 18:30 h.	Olas: xoves de 16:30 - 17:30 h.
Mesía: mércores de 15:30 a 16:30 h	

Anotarse en Servizos Sociais do Concello no 981 687 238 (Begoña).

NOTA: Para facer a actividade necesitarase un mínimo de persoas asistentes, así que... ANIMÁDEVOS!!

EXCURSIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS

No mes de outubro terá lugar unha excursión da cal se informará mediante bandos que serán colocados nos lugares habituais a mediados de setembro.

Para máis información chamar a Servizos Sociais TLF 981 687 238 (Begoña).

SAÍDAS AO BALNEARIO

Datas: Venres 20, 27 de outubro e de 3 e 10 de novembro.

Horario: Saída ás 14:30 h. de Olas e regreso ás 19:00 h.

Características: Dentro do programa "Deporte e Saúde" ofertamos saídas ó Balneario Compostela para todas as persoas empadroadas no Concello. O autobús pasará polas parroquias de Olas, Visantoña, Mesía, Xanceda, Lanzá e Cumbraos.

Prezo: 50 € os catro días. Días soltos 14 €/día.

Inscricións: Anotarse no Concello do 13 ao 27 de setembro.

CURSOS DE FORMACIÓN

CURSO DE MANIPULADOR DE ALIMENTOS

Este curso será realizado curso cando haxa un número suficiente de inscricións. Se estás interesado/a tes que anotarte na Casa da Cultura.

Prezo: 25 €.

Lugar: Casa da Cultura.

APLICADOR DE PRODUCTOS FITOSANITARIOS

Últimas prazas!! Proximamente realizarase unha nova edición de este curso, polo que se estades interesados/as en realizalo curso debes **anotarvos na Casa da Cultura.**

Prezo: 90 €.

Lugar: Casa da Cultura.

CURSO DE RENOVACIÓN DO CAP - TRANSPORTISTAS

Destinatarios: Aquelas persoas que xa teñan feito o curso e que lles caduque este ano (tendo en conta que a caducidade é de 5 anos).

Horas: 35 horas.

Prezo: 221 € (inclúe as taxas e traslado desde a Casa da Cultura).

Lugar: Autoescuela COPACO (A Coruña). Un bus recollerá ás persoas inscritas na Casa da Cultura do Concello de Mesía.

Datas: Intensivo de 2 fins de semana de mañá e de tarde. Concretaranse as datas unha vez se forme grupo. Máximo 20 prazas.

OUTRAS ACTIVIDADES

Xornada de Emprego e Cooperativismo

Xornadas gratuítas dirixidas a persoas desempregadas, emprendedoras, institucións públicas ou privadas e calquera persoa en xeral. A temática da xornada xirará en torno a agricultura ecolóxica.

Organiza: Mancomunidade de Ordes

Data e horario: 29 de setembro de 11:00 a 14.00h.

Lugar: Concello de Mesía - Casa da Cultura

Información e inscricións: Concello de Mesía
981 687 001 (M^a José).



CHARLA: "Dálle Luz á Túa Factura"

O INEGA (Instituto de enerxía de Galicia) xunto co IGC (Instituto galego de consumo) ofrecerán unha charla informativa onde darán pautas para conseguir un maior aforro na factura da luz e tamén nos axudarán a comprendela.

Data e hora: 4 de outubro ás 16:00 h.

Lugar: Casa da Cultura de Xanceda



INFORMACIÓN PUNTUAL

Axudas ao Transporte Escolar 2017/2018

Como en anos anteriores, convocaranse proximamente as axudas de transporte escolar. Estas estarán dirixidas a aqueles/as rapaces/as que realicen ensinanzas de bacharelato, formación profesional ou títulos homologados (excluídos os que teñen réxime de internado).

Todas aquelas persoas interesadas terán as bases da convocatoria e os impresos de solicitude no concello ou na páxina web no próximo mes de outubro. Máis información a comezos de outubro no concello.

Expedición do DNI

Os días 25, 26, 27, 30 e 31 de outubro de 2017 desprazarase o Equipo Móvil do DNIe, a fin de efectuar a expedición dos oportunos documentos.

A inscrición realizarase no Concello de Ordes (981 680 002) indicando: Nome, Apelidos, N° de DNI e N° de teléfono da persoa solicitante.

Horario da Casa da Cultura

O horario da Casa da Cultura de **outubro a xuño** será o seguinte:

- Mañás: Luns, mércores e venres de **10:30 a 13:30 h.**
- Tardes: De luns a venres de **16:00 a 19:00 h.**

Os sábados, domingos e festivos estará pechada agás para actividades puntuais organizadas polo Concello ou por outras entidades que o soliciten.

Datas nas que se suspenden as actividades municipais

As actividades municipais de inverno do ano 2017-2018 darán comezo na semana do **2 de outubro**. Durante o curso haberá varios días que se suspenderán as actividades para as **persoas adultas**, estas datas serán:

- Nadal: do **22 de decembro ata o 7 de xaneiro** (ambos inclusive).
- Entroido: o **12, 13, 14 de febreiro**.
- Semana Santa, desde o **24 de marzo ata o 2 de abril** (ambos os dous inclusive).

Os días **festivos** non haberá actividades nin de nenos/as nin de adultos.

As actividades infantís e xuvenís suspenderanse nas datas das vacacións escolares (Nadal, Entroido e Semana Santa) e **en días en que non haxa colexio** (días propios que colle o colexio, pontes, folgas, etc.) ou saian antes do horario habitual.

INSCRICIÓNS E PAGOS

INSCRICIÓNS: Para poder asistir ás actividades hai que cubrir a **folha de inscrición** que se achega. **Non se realizarán inscricións nin reserva de praza por teléfono. É obrigatorio entregar cuberta a ficha de inscrición** nun dos seguintes sitios: a Casa da Cultura, no Concello ou ben enviala por correo electrónico (casadacultura@concellodemesia.gal). O impreso da ficha está dispoñible na Casa da Cultura, na última folha deste boletín de actividades e tamén se pode baixar da páxina web do concello (preguntar antes de cubrila polos descontos no 981 687 241).

Prazo para anotarse: do mércores 13 ao 27 de setembro do 2017

As persoas con algunha doenza que inflúa na actividade física que se vaia realizar deberán presentar un **informe médico** para poder deseñar os exercicios necesarios para cada persoa e así previr molestias ou lesións.

PAGOS: O prezo sinalado nas actividades é para todo o curso, a non ser que na descrición da actividade se indique o contrario.

O pago do importe da actividade debe facerse antes do inicio da mesma, para poder estar cuberto/a polo seguro.

Nas actividades que teñen unha cota mensual debes pagar por trimestres e os recibos serán recollidos pola monitora da actividade.

Os cartos devolveranse unicamente por cancelación das actividades e coa entrega previa do recibo de cobro.

DESCONTOS, EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

- FAMILIA NUMEROSA: 50% da tarifa.
- As persoas que acrediten debidamente figurar nos rexistros do PARO: 30%.
- As persoas que acrediten a súa FALTA DE CAPACIDADE ECONÓMICA para o pagamento da tarifa correspondente segundo o informe dos Servizos Sociais do Concello de Mesía ao respecto, o 100% da cota (non pagará).
- As persoas que se inscriban en MÁIS DUNHA ACTIVIDADE: por dúas actividades o 20%, por tres actividades, o 25%. Sempre e cando ditas actividades teñan opción de desconto.
- As persoas que acrediten ter unha MINUSVALÍA (máis do 33% de minusvalía), descontaráselles o 30%. Hai que presentar o certificado de minusvalía.
- Só se aplicará un **desconto por persoa** e os **descontos só son para as actividades anuais**, non para as saídas ou actividades puntuais.
- Os **descontos** só serán aplicables a aquelas persoas que figuren **empadroadas no Concello de Mesía, e tamén terán preferencia en todas as actividades municipais.**

As clases comezarán na semana do 2 de outubro, segundo o día que lles corresponda sempre que haxa un n.º mínimo de participantes en cada actividade, senón retrasaríase o seu comezo. **Só se avisará por teléfono nas actividades que se retrasen ou cancelen.**

Nota: é importante que aquelas persoas que deixen de asistir a algunha actividade cubran o impreso de baixa. Debedes solicitarllo ao/a monitor/a da actividade.

O concello **resérvase o dereito** de suprimir as actividades que non alcancen o número mínimo esixido ou modificar os horarios, así coma facer máis grupos de cada actividade se o número de participantes así o require.

LEMBRADE QUE TEDES TODAS AS NOTICIAS ACTUALIZADAS E FOTOS DAS ACTIVIDADES MUNICIPAIS NA PÁXINA WEB DO CONCELLO: concellodemesia.gal

FOLLA DE INSCRICIÓN ACTIVIDADES MUNICIPAIS 2017/2018

Nome _____

DNI _ _____ Data de nacemento _____

Teléfono/s _____

Correo electrónico: _____

Enderezo _____

Pai/nai/titor (para os menores de idade) _____

DNI pai/nai _____

2 Teléfonos pai/nai/ fixo _____

ACTIVIDADE/S: _____

Desconto por _____ (Achegar o documento que o xustifique)

PREZO _____

OBSERVACIÓNS: _____

SI NON Estou empadroadado/a no Concello de Mesía.

Non teño ningunha enfermidade que me impida facer con normalidade a actividade física á que me anoto.

Como usuario deste Concello, **declaro ter sido informado** de que en cumprimento co previsto na LO 15/99 de Protección de Datos de Carácter Persoal e no RD 1720/07, os datos de carácter persoal recollidos polo **Departamento de Cultura e Deporte**, así como as fotografías ou gravacións feitas ao longo do desenrolo dos distintos programas culturais e deportivos, que se levan a cabo no **MUNICIPIO DE MESÍA**, coa finalidade de informar e xestionar as actividades, serán almacenados nun ou máis ficheiros con titularidade do Concello, que á súa vez se atopan debidamente inscritos na Axencia Española de Protección de Datos. Tamén me deixan constancia dos dereitos que podo exercer, de acceso, rectificación, cancelación e oposición sobre os meus datos persoais, así como o de revocación do consentimento para calquera das finalidades antes sinaladas, dirixíndose ó **CONCELLO DE MESÍA, R/XANCEDA S/N, 15685, MESÍA, A CORUÑA**.

Con DNI _____ DECLARO que tódolos datos aquí escritos son certos.

(Cubrir o pai/nai/titor en caso de menores de idade)

Mesía, ___ de _____ de 20__

Sinatura:



CONCELLO DE MESIA

INFORMACIÓN:

Casa da Cultura..... 981 687 241
Servizos Sociais..... 981 687 238
Casa do concello..... 981 687 001
Fax Casa do Concello 981 687 069

WEB:

www.concellodemesia.gal

FACEBOOK:

deporte concello mesia
xuventude concello de mesia

COLABORAN:

